



PDI CONCIENCIATE VI TRABALLO POR PROXECTOS.-

MODALIDADE 1
CEIP CANOSA RUS.
CÓDIGO 15002670
Coreo: cip.canosa.rus@edu.xunta.es
TELÉFONO:881 8803 82

Tabla de contenido

INTRODUCCIÓN.-	3
OBXECTIVOS E COMPETENCIAS.-	3
Obxectivos.....	3
Competencias.-	3
PARTICIPANTES	4
ORGANIZACIÓN.	5
POR QUE CONCIENCIATE?	5
POR ONDE EMPEZAMOS?	5
OS PRIMEIROS EXPERIMENTOS E INVENTOS.-	6
AS SAÍDAS.-	6
EXPERIMENTOS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	6
MES DA CIENCIA EN GALEGO	6
SEMANA DA PAZ: INVENTOS QUE AXUDARON A INCLUSIÓN.	7
O CARRO E OUTROS INVENTOS	7
Lecturas CONCIENCIATE.	7
ESCORNACONTOS CIENTÍFICOS.	9
CREACIÓN DE RECUNCHOS NO ESPAZO CREATIVO	9
ACTIVIDADES INTERCENTROS.	9
INTERCAMBIO CEIP XOSÉ PICHEL – CEIP AGUALADA.	9
GALEGUIÑ@S 3D E IMPRESORA 3D	9
MOVEMENTOS DE ENTRADAS E SAÍDAS.	10
CONCIENCIATE NA RADIO.-	10
CIENCIA A PROL DO MEDIO-AMBIENTE	11
PRODUTO FINAL: FEIRA CONCIENCIATE	11
AS FAMILIAS	12
AVALIACIÓN	12
O PDI EN FOTOS	13
Difusión.-	13
A MODO DE CONCLUSIÓN	13
BIBLIOGRAFÍA INTERESANTE.	13
PÁXINAS WEB	14
RECURSOS DA BIBLIOTECA UTILIZADOS.-	14

INTRODUCCIÓN.-



“ConCIENCIAte” naceu das inquedanzas dos nenos e nenas no mes de xuño. O PDI versa sobre científicos/as, experimentos e inventos. Este proxecto que en principio ía tratar da elaboración de experimentos, o estudo da evolución dos descubrimentos e dos inventos do pasado, foi abrindo tamén as portas o empoderamento da muller, a problemática do medio ambiente, a importancia dos inventos galegos, a aparición dos inventos que axudan as persoas con NEAE... Todo isto enmarcado dentro da biblioteca, da investigación, do traballo en equipo e da firme crenza do que dicía Hipatia de Alejandría. “Defende o teu dereito a pensar, porque incluso pensar de maneira errónea

é mellor que non pensar”.

OBXECTIVOS E COMPETENCIAS.-

Obxectivos.

- Mostrar as contribucións da ciencia e dos científicos e as científicas á resolución de problemas e necesidades humanas.
- Presentar exemplos de responsabilidade social de científicos e científicas, por exemplo, a súa mobilización a favor da paz entre as nacións, pola subsistencia da especie humana na Terra o as investigacións que puxeron de manifesto impactos de determinados produtos na saúde e no medio ambiente.
- Coñecer o léxico científico e expresións de orixe científico.
- Valorar e respectar o pasado científico propio e alleo e a súa conservación.
- Aprender a respectar as opinións e traballos dos demais.
- Cooperar e colaborar no traballo en equipo respectando as ideas dos demais, achegas e chegar a un ben común.
- Seleccionar a información desde un punto de vista crítico.
- Coñecer a importancia da muller na ciencia.



- Preparar as exposicións orais e escrituras con sentido.
- Elaborar diferentes tipos de materiais escritos, dixitais e orais: exposicións, carteis, manuais, storyboard, representacións, entre outros.
- Fomentar a lectura e consulta de diferentes textos e soportes.
- Coñecer o método científico.

Competencias.-

1. Competencia lingüística: A través do descubrimento dos inventos, científicas, invencións o alumnado aprenderá a facer resumos, esquemas, redaccións... adecuados a súa idade. Traballarase en todo momento unha lectura comprensiva e motivadora.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: O alumnado familiarizarase cos conceptos e procesos científicos, realización de gráficos, datas de cando sucedeu...

3. Competencia dixital: Fomentarase a utilización das TIC durante a procura da información para o proxecto, así como o desenvolvemento do pensamento crítico, que axude ao alumnado para seleccionar fontes de procura fiables, para despois incorporar a información aos seus traballos. Tamén poderemos visionar a súa realidade e ver obxectos reais como experimentos. Concienciarase na utilización das TIC de maneira segura e ensinarase o uso dalgunha aplicación para desenvolver algún dos produtos do proxecto (IMOVIE, CÓDIGOS QR). Tamén se iniciarán no manexo da impresora 3D e como apoio de recursos realia (obxectos reais).

4. Aprender a aprender: Trataremos que o alumnado teña un espírito crítico, que teña ansia por aprender e ampliar os seus coñecementos. Utilizaremos diferentes estratexias e recursos que permitan aos alumnos/as a planificar a súa aprendizaxe. Na procura da información necesaria para o proxecto aprenderá a realizar



esquemas, mapas conceptuais, entre outras, tamén o alumnado será consciente de como se programa unha investigación.

5. Competencias sociais e cívicas: A interdependencia dentro do proxecto, tanto a nivel de aula, como a nivel de centro, fomentará o respecto polo traballo dos demais e a colaboración/cooperación no traballo conxunto. Ao mesmo tempo trataremos de observar a diferenza na ciencia dependendo

do sexo.

6. Conciencia e expresións culturais: Algunhas das actividades consistirán na elaboración de pequenas exposicións dos traballos realizados e do material achegado polas familias. Valoraran a importancia dos expertos que veñan dar charlas . Representaranse obras teatrais que incentiven a lectura e o gusto polas dramatizacións. Elaboraranse diferentes obras plásticas que reforcen o interese pola utilización de diferentes técnicas artísticas e pola cultura, facendo fincapé nas da zona.

7. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor: Co alumnado de 6º de E.P. elaboraranse produtos relacionados coa ciencia e o seu mundo coa impresora 3D, que logo formarán parte dunha feira que eles/as xestionarán coa axuda da titora, nunha xornada ao longo do proxecto. Tamén na organización das exposicións e visitas externas que puidesen recibir os produtos elaborados no proxecto.

PARTICIPANTES

- Neste PDI participou todo o alumnado

- Participou todo o Claustro: Cambón Pombo, María del Carmen; Carnota Fernández, Ana María; Escuredo Sabín, María Dolores; Felipe Riveiro, Irene; Fontao Vázquez, Iria María; García Suárez, Cristina ; Guardado Gesto, Verónica (coordinadora) ; Mosquera Trigo, Reyes; Ónega Tellado, Tamara; París Padilla, Cristina; Rodríguez Bello, María Jesús; Rodríguez Mourelle, Dorinda



Susana; Rúa Romero, Diego; Sousa Lema, Elena; Trigo Castiñeiras, Dolores ; Valiño Andrade, María África ; Varela Cotel, Rebeca; Villarnovo Martínez, Ángel Luis.

- Tamén participaron as familias.
- Participación de expertos no mundo científico.




ORGANIZACIÓN.

Para poñer en marcha o PDI o equipo de PLAMBE, en colaboración con EACE , TICS e o EDLG, propón as actividades que se levan a CCP . Todas estas actividades son discutidas e propostas nestas reunións.

POR QUE CONCIENCIATE?

O proceso comezou durante o curso pasado no mes de xuño no que decidimos a temática que máis motivaba o alumnado a través dunha votación na que tiveron que seleccionar entre distintas propostas, para a cal se realizaron videos cortos.



POR ONDE EMPEZAMOS?

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2018/10/escribimos-o-principio-de-concienciate.html>

Nunha carta escribiuse o principio do PDI CONCIENCIATE . Nesa carta presentouse o PDI e xunto a ela , unha bolsa con material para facer un experimento, un invento en miniatura do que terían que indagar, un libro das maletas de bibliotecas escolares que versan sobre a ciencia e uns rotuladores que se utilizarían para decorar a bolsa. Para axudarlle nas investigacións axudamos das maletas de CIENCIA de Bibliotecas escolares. Aquí empezouse a falar do método científico.

OS PRIMEIROS EXPERIMENTOS E INVENTOS.-



O robot pintor, un volcán, unha man robótica, o arco da vella... foron algúns dos experimentos realizados no primeiro trimestre.

A radio de Marconi, a imprenta de Gutemberg, a televisión, os muíños... comezaron sendo os primeiros inventos estudados. Na primeira semana de xaneiro cada aula explicoulle as distintas aulas como ía encamiñado o PDI.


<https://bibliocanosa.blogspot.com/2019/02/exponemos-o-que-sabemos-aos-nosos.html>

AS SAÍDAS.-

A visita a casa das ciencias, para os máis pequenos, eo Muncif, a un muíño, foron as saídas que decidimos para motivar neste PDI os nenos e nenas.

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2018/11/saida-do-pdi-concienciate.html>

EXPERIMENTOS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



Tódolos cursos participaron nesta actividade, que consistiu en que todo o alumnado, por grupos, elaborasen un panel para o escornabot con palabras de accións positivas e negativas (os paneis de infantil os elaboramos as mestras). O escornabot percorreu o panel buscando palabras positivas e con elas fíxose un libro de “receitas” para a violencia de xénero, que estaba cargado de amor, respecto, aloumiños, etc.

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2018/11/concienciate-contraviolencia-de-xenero.html>

MES DA CIENCIA EN GALEGO

Neste mes elaborouse o mural cos inventos que cada aula investigou: o telescopio, o reloxo, a radio, o ordenador, a imprenta, o muíño de auga e de vento, a bicicleta, o coche e a imprenta. A mestra de inglés traballou vocabulario científico en inglés. A aula de primeiro elaborou un conto e os de sexto gravaron un vídeo para resaltar a importancia da ciencia nas escolas.

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2018/11/mes-da-ciencia-con-concienciate.html>

SEMANA DA PAZ: INVENTOS QUE AXUDARON A INCLUSIÓN.

Despois de que os maiores investigaran sobre científic@s que traballan a prol da inclusión a biblioteca tamén se traballou a inclusión coa temática da paz. A través de obradoiros onde tiñan que compoñer ou adiviñar palabras en braile, construír un globo con pinchos ou mesmo construír ,con axuda do escornabot, palabras de paz có alfabeto da linguaxe de signos, o dactilolóxico. Aprenderon que a paz tamén é aceptar a diversidade.Paralelamente nas aulas investigaron sobre científicos/as que acadaron o premio Nobel da Paz e na entrada fixeron unha árbore en cabezada poro gran Newton. Para finalizar vimos unha serie de curtas.

<http://bibliocanosa.blogspot.com/2019/02/semana-da-paz.html>

O CARRO E OUTROS INVENTOS

Desde normalización lingüística elaboraron unha ficha sobre os inventos que nos rodean e outra sobre o carro. Ademais coma todos os anos, organizouse o certame literario, en colaboración cos outros colexios do concello, dando cabida cómics, contos, poesías... onde o PDI estivo presente.

<https://drive.google.com/drive/folders/1BrqIh7BwweZK94ZG6JxFIbJ8aVYSQz3?usp=sharing>

Lecturas CONCIENCIATE.

Grazas os PDI os nenos e nenas tiveron que facer lectura de investigación, seleccionar a información máis importante e mostrarlle as demais clases ou as familias no seu produto final. Ademais os nenos de 4º, 5º e 6º realizaron lecturas colectivas de dous libros de Leticia Costas (A señorita Buble e A balada dos unicornios) que versan sobre inventos. <https://bibliocanosa.blogspot.com/2019/01/visita-maxica-con-ledicia-costas.html> Libros como *Cuentos para niñas rebeldes*; *Cuentos de Buenas noches* (lectura colectiva de 5º e 6º) ,*Pioneiras* ou a *lectura da prensa* intenta introducir os nenos e nenas nunha lectura máis crítica e da importancia da ciencia na sociedade.

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2019/03/semana-da-prensa.html>

[illegible]

ESCORNACONTOS CIENTÍFICOS.



A través de dous contos propostos desde o equipo de TICS (sobre a vida de Marie Curie e Jane Goodall) fíxose uns paneis para os escornabots. Un dos nenos/as lee o conto mentres os outros van guiando o escornabot en orde, polos diferentes debuxos. Tamén imprimimos “obstáculos” relacionados coa vida das dúas científicas para poñer na mesa e que o escornabot tivese que esquivalos para chegar ao debuxo.

[https://bibliocanosa.blogspot.com/search?updated-max=2019-04-](https://bibliocanosa.blogspot.com/search?updated-max=2019-04-29T18:31:00%2B02:00&max-results=10)

[29T18:31:00%2B02:00&max-results=10](https://bibliocanosa.blogspot.com/search?updated-max=2019-04-29T18:31:00%2B02:00&max-results=10)

CREACIÓN DE RECUNCHOS NO ESPAZO CREATIVO

Cada mes ou cada dous meses realizáronse diferentes experimentos neste recuncho, que tiñan que ver coa electricidade estática, o centro de gravidade, a forza do papel ou o aire ocupa lugar. Os nenos que quixeron participar eran asesorados por rapazas de 6º e polas mestras, para descubrir certos aspectos relacionados principalmente coa física, facendo algúns descubrimentos pola súa parte. Ademais, tiñan un panel explicativo que os maiores podían ler para coñecer a explicación científica dos fenómenos que estaban a experimentar.

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2019/01/este-curso-temos-algunha-novidade-no.html>

ACTIVIDADES INTERCENTROS.

INTERCAMBIO CEIP XOSÉ PICHEL – CEIP AGUALADA.

Aproveitando as xornada deportivas que organizan entre os tres colexios, tamén se organiza unhas sesións (dúas horas) de actividades na biblioteca. Leváronse a cabo actividades como: representar obras relacionados co PDI, lectura de contos, actividades na zona maker...

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2019/04/lectura-compartida.html>

GALEGUIÑ@S 3D E IMPRESORA 3D

Os nenos e nenas de 6º estiveron a traballar todo o curso moi activamente co Tinkercad, aprendendo a realizar deseños e creando unha conta común para telos todos almacenados. Fixeron colgantes, figuras,

chaveiros, marcapáxinas, etc, algúns relacionados co PDI. No entroido vendéronos para recadar cartos para a excursión de fin de curso por medio da empresa que crearon: Galeguín@s 3D .

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2019/02/galeguinos-3d.html>

MOVEMENTOS DE ENTRADAS E SAÍDAS.



A visita de Anxo Carracedo, a video conferencia con Jorge Mira, as saídas os museos e a laboratorios, a visita de biólogos os obradoiros feitos por mestres de física e química xubilados... son os puntos fortes deste PDI. A todos se lle dou un agasallo realizado coa impresora 3D.

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2018/11/saida-do-pdi-concienciate.html>

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2019/02/concienciate-con-anxo-carracedo.html>

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2019/02/talleres-concienciate-no-cole.html>

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2019/02/outra-visita-moi-especial-jorge-mira.html>

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2019/03/conecendo-os-laboratorios-do-parga.html>

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2019/05/biologs-para-os-mais-pequenos.html>

<https://ventevindo.wordpress.com/2019/01/20/visitamos-un-muino-2/>

CONCIENCIATE NA RADIO.-

Dentro da nosa canle de radio , LEORUS, temos estas seccións que relacionamos co PDI:

- SECCIÓN CONCIENCIATE: Aquí hai desde lecturas de contos como o de Marie Curie, entrevistas a inventores ou científicos cegos, un programa dedicado a experimentos, anuncios do noso produto final, un recordatorio de mulleres científicas...
- O CACO DAS ONDAS: A través da gamificación o alumnado de 1º traballou a radio. O CACO DAS ONDAS é unha gamificación anual para primeiro enmarcada dentro do PDI. Por medio dun taboleiro de xogo, as nenas e nenos de 1º, traballaron estándares de aprendizaxe de todas as áreas do seu curriculum, elementos transversais, conmemoracións e a introducción do uso da radio. Este xogo levárono a cabo co CRA de Culleredo. O caco das Ondas rouboulle a radio a bruxa da biblioteca, e só a recuperarían se superaran distintos retos. A meirande parte destes retos eran explicados nun vídeo, entre eles estaban distintas gravacións na radio. Un punto forte é que incluíron actividades internivel , intercentros e de toda a comunidade educativa.

https://drive.google.com/drive/folders/1tTYPR3ILghvbbpiiAiv_z5DHxRZ2iBre?usp=sharing

- CA NOSA XENTE: Este é un dos recunchos que máis gusta. Nel fixéronse entrevistas a persoas célebres como: Anxo Carracedo (relacionámolo co PDI), María Canosa, Leticia Costas, Verónica Couto...

<https://sites.google.com/view/canosa-onda/canosa-onda?authuser=0>

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2019/03/mulleres-con-ciencia.html>

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2019/03/marie-curie-na-porta-da-aula-de-inges.html>

CIENCIA A PROL DO MEDIO-AMBIENTE

Durante este curso unha parte do alumnado investigaron sobre homes e mulleres científicas que traballaban para combater o cambio climático. Como produto final desta actividade foi unha manifestación con slogans, lembranza de científicos que traballan que loitan contra o cambio climático, decálogos....

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2019/06/queremos-un-cambio-xa.html>

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2019/04/visita-de-adcor.html>

<https://drive.google.com/file/d/1aUGth7rTPF1OGd-BEhjy6Q4Vi89dfJnS/view?usp=sharing>

PRODUTO FINAL: FEIRA CONCIENCIATE

A última semana de maio celebrouse no colexio unha feira para escribir o final de CONCIENCIATE.

- ORGANIZACIÓN: Desde AL elaboraron as invitacións para as familias e cartelería para o mercadillo.
- PUBLICIDADE: Os nenos e nenas de terceiro elaboraron os anuncios.
- CARTELERÍA: Distintos cursos encargáronse da cartelería.

O día da feira...

- GUÍAS: Alumnado de quinto e sexto foron os encargados de conducir as familias polos distintos postos.
- SECCIÓNS: Dividimos a feira en catro partes onde había de distintos niveis de primaria mesturados:
 - 🔲 INVENTOS: Nesta estación o alumnado explicou distintos inventos galegos que trouxeron das casas e outros moitos que elaboraron.
 - 🔲 EXPERIMENTOS: Dúas foron as zonas (infantil e primaria) onde a gravidade, a forza, a mestura de cores, a flotabilidade, os aeroxeneradores... tiveron o seu momento ao elaborar experimentos para demostrar distintas propiedades.
 - 🔲 ROBÓTICA: Na biblioteca a realidade aumentada, os deseños coa impresora 3D, os ozobots, os xogos cos escornabots... foron mostrados as familias.
 - 🔲 MURAI: Aquí expuxéronse distintos murais para explicar a evolución da ciencia e a importancia dos inventos para a sociedade.

- O punto de partida foi un mini programa de radio en directo.
- Creouse un mercadillo solidario para recadar cartos para a ASOCIACIÓN CONTRA O CANCRO.

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2019/05/anton-fraguas.html>

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2019/05/feira-concienciate-30-de-maio.html>

AS FAMILIAS

Ao longo de todo o PDI e, como se observou no redactado ata agora, a familia e o ANPA teñen un papel fundamental. Elas ofrecéronnos o que saben achegando inventos da zona, cumprimentando a ficha sobre as partes do carro, elaborando inventos para cumprimentar a ficha da mochila viaxeira, participando no produto final...

AVALIACIÓN

O **claustro** deu a súa opinión nas distintas reunións mensuais: CCP, claustro... O equipo de PLAMBE fixo unha pequena valoración ao final do PDI no que destacamos o seguinte:

- A información desde a biblioteca chegou a maior parte do claustro.



- Debemos seguir formándonos no traballo por proxectos.
- Implica un esforzo moi grande coordinar un PDI a nivel colexio.

O **alumnado** foi avaliado nas súas exposicións orais, nos traballos de investigación que fixeron, nas gravacións da radio na que valoraban o PDI, nas exposicións nas que utilizaban as novas tecnoloxías con soldadura, en textos que se incluiron en probas escritas ... Tamén algunhas aulas fixeron unha avaliación figuro- analóxica na que se valora como sentiron os nenos no proceso de elaboración e preparación do PDI. Todos describiron con adxectivos como alegría,

motivación, ganas a elaboración do PDI.

As familias pasóuselle un cuestionario e os resultados son os seguintes (tiñan que valorar de 1 ao 4 (1- non estou de acordo-ata 4- totalmente de acordo). Ollar os resultados en : <http://bibliocanosa.blogspot.com/>

O PDI EN FOTOS

https://drive.google.com/drive/folders/12bVVx5Qffph7ZJZemOZd_B3Cc-8MCcGC?usp=sharing

Difusión.-

BLOGUE DA BIBLIOTECA: <http://bibliocanosa.blogspot.com/>

BLOGUE DA RADIO: <https://sites.google.com/view/canosa-onda/p%C3%A1gina-principal?authuser=0>

BLOGUE ROBOTICA E IMPRESORA 3D: <http://bibliocanosa.blogspot.com/search/label/rob>

BLOGUE EDLG co que colaboramos: <https://ventevindo.wordpress.com/>

Enlaces prensa, moitas delas realizadas polo alumnado:

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/coristanco/2019/05/25/feria-cientifica-solidaridad-cierre-pdi-concienciate-ceip-canosa-rus/0003_201905C25C7992.htm

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/2019/05/14/canosa-rus-seleccionado-programa-voluntariado-lectura-a/0003_201905C14C10995.htm

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/coristanco/2019/02/19/pdi-concienciate-trajo-carracedo-canosa-rus/0003_201902C19C9995.htm

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/coristanco/2019/01/23/ledicia-costas-visita-hoy-colegio-canosa-rus-coristanco/0003_201901C23C7995.htm

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/2019/02/10/radio-voz-estudios-colegio-canosa-rus/0003_201902C10C10997.htm

A MODO DE CONCLUSIÓN

A pesar de que xa son varios dos PDI que fixemos cada un é distinto ao interior. Sendo un colexio que mama do rural, tentamos que os pais coñecesen as novidades que imos introducindo na biblioteca, pero ao mesmo tempo non queriamos perder a esencia do noso colexio e ter sempre presente a nosa contorna. Todo nun ambiente no que a motivación, a lectura e a investigación estivo presente.

BIBLIOGRAFÍA INTERESANTE.

RODRIGUEZ, ANAIR: *PIONEIRAS*1, 2: *Galegas que abriron camiño*. Xerais

FAVILLI,ELENA; CAVALLO, FRANCESCA: *Cuentos de buenas noches para niñas rebeldes*

VARIOS.El libro de la Tabla Periódica: Enciclopedia visual de los elementos-

de [Varios autores](#) (Autor)

LÓPEZ AITZIBER, Inventoras y sus inventos.

TOM ADAMS Física divertida para gente curiosa.

SÁNCHEZ VEGARA, ISABEL: *Pequeña, grande MARIE CURIE*. Alba

PAJARO AMARILLO DE DIOS RUIZ, OLGA

VVAA :365 experimentos para pequeños.

PERKINS, BETH:Experimenta.Ciencia

SÁNCHEZ VEGARA, M: Pequeña & grande Jane Goodall

PÁXINAS WEB

<http://www.kids.csic.es/>

<http://www.cernland.net/>

<https://www.elesapiens.com/index.php>

<https://www.mundoprimaria.com/>

<http://www.cienciaonline.com/>

<https://arbolabc.com/blpage>

RECURSOS DA BIBLIOTECA UTILIZADOS.-

- BIBLIOGRAFÍA
- IMPRESORA 3D.
- ROBOTS: ESCORNABOT, DOC, MIND E OZOBOT.
- REALIDADE AUMENTADA: MERGE CUBE
- SALA CROMA.-
- RADIO NA BIBLIO
- EQUIPOS INFORMÁTICOS.